

PREGUNTA DE AER SOBRE RESIDUOS URBANOS

PLENO 29 ABRIL 2013. ACTA 9/2013

No pleno do pasado mes de xaneiro presentamos unha moción de E.U. sobre residuos urbanos que foi aprobada por unanimidade. A moción recollía os seguintes acordos:

- Obrigar a Urbaser a cumprir o contrato de recollida de lixo, volvendo a poñer en funcionamento o punto limpo móbil, que a de ser un centro de achega voluntaria que comprende una serie de colectores específicos para, aceite vexetal, fluorescentes, medicamentos caducados, pilas e baterías, etc.

Este centro terá capacidade para almacenar todos os residuos procedentes de particulares, comerciantes, fabricantes, etc., que non son recollidos polos servizos de recollida municipal.

- Para a divulgación das funcións e o uso correcto das instalacións facilitarase aos usuarios a información suficiente.

- Posibilitaranse as actividades educativas e a coordinación das visitas que desde os centros educativos, organizacións e asociacións solicítense realizar ás instalacións dos Puntos Limpos.

- Creación dun punto limpo fixo como unha instalación deseñada para potenciar a recepción e a selección das diversas fraccións inorgánicas presentes nos residuos sólidos urbanos, especialmente os voluminosos e especiais, coa finalidade de separalos e valorizalos. Son recintos de recollida selectiva e residuos específicos, dotados de viarios, áreas de carga e descarga, colectores para específicos e cerramento perimetral.

Qué medidas ou xestións levan realizados ata a data para facer efectivos estes acordos?

O Sr. Álvarez Ballesteros responde que se está a elaborar un dossier de puntos limpos para ver a mellor ubicación dos mesmos.